

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN – INGLÉS – 1º ESO

Avaliación e cualificación	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <p><b>1. <u>Probas obxectivas</u>:</b> comprobarase por medio de exames ou controis o grao de manexo de:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Habilidades de comunicación lingüística: <u>reading</u> (comprensión lectora), <u>writing</u> (producción escrita), <u>listening</u> (comprensión oral) e <u>speaking</u> (expresión oral).</li> <li>• Habilidades de manexo na lingua estranxeira: <u>gramática</u>, <u>vocabulario</u>, <u>pronunciación</u>, <u>linguaxe funcional</u>.</li> <li>• Lectura obrigatoria. Os alumnos/as terán que ler un libro de lectura e acreditar a súa lectura mediante a realización dun exame.</li> </ul> <p><b>2. Teranse moi en conta na cualificación final de cada avaliación os seguintes puntos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b><u>Traballo diario</u>:</b> tarefas que o/a alumno/a terá que completar na casa, o traballo na clase, a participación individual na aula, o traballo colaborativo en parellas e en grupos, o uso da lingua estranxeira na aula, a utilización diaria que se faga do material necesario (libro do alumno, caderno de traballo, libro de lectura, libreta...).</li> <li>• <b><u>Actitude</u>:</b> a conduta positiva do/a alumno/a dentro da aula e nas dependencias do centro (cara a materia, os seus compañeiros e a profesora), o seu interese por aprender, o seu esforzo persoal no seu traballo e no uso do inglés durante as clases, a puntualidade na asistencia a clase, a participación activa nas actividades dentro e fóra da aula, o uso adecuado do material que necesite.</li> </ul> <p>O peso porcentual de cada unha destas partes na cualificación global da avaliación correspondente será o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Probas obxectivas: 80%</li> <li>• Traballo diario e actitude: 20%</li> </ul>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Probas escritas, traballo diario e actitude e comportamento.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>A avaliación será <b><u>continua</u></b>. Os contidos e procedementos que o/a alumno/a debe adquirir na lingua estranxeira serán avaliados, directa ou indirectamente, en todas as avaliacións e van incrementando a súa dificultade ao longo do curso. Por esta razón, a cualificación final será:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- a nota da segunda avaliación , ou, en caso de ser máis alta, a media da primeira e a segunda avaliación.</li> <li>- ata 1 punto segundo a nota acadada no exame do libro de lectura obrigatoria.</li> <li>- máis ata o máximo dun punto polas tarefas realizadas durante o 3º trimestre.</li> </ul> <p>Excepcionalmente, xa que non se realizará o exame global previsto na programación, os alumnos e as alumnas que teñan unha cualificación negativa, poderán aprobar a materia mediante a avaliación das actividades de reforzo realizadas durante o confinamento.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<p>En <b><u>setembro</u></b> realizarase unha proba extraordinaria obxectiva para aqueles alumnos/as que tiveron unha cualificación negativa en xuño. Serán examinados exclusivamente sobre os <u>contidos gramaticais</u>, <u>vocabulario</u>, <u>capacidade de comprensión lectora</u> e de <u>escritura</u> traballados durante o período de clases presenciais.</p>